



1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts
 Fora, > 50 >
 Coste d'un número 10 >
 Amérecia 2 pts. trimestre

Número 7

= Redacción =
 e administración:
 CANTÓN GRANDE
 = 16, BAIXO =

A CRUÑA
 15 XANEIRO

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

DA GALICIA VIVA E DA GALICIA MORTA

SOLO A VERDÁ FARANOS LIBRES

Pol-o ferrocarril da Costa.

Os señores Insua Santos, Usero e Pérez (D. Francisco), no nome da Xunta Permanente do Ferrol que tén o seu cárrago traballar pol-a construción do Ferrocarril da Costa, recorreron os pobos mariñáns das provincias da Cruña e Lugo ós que afeutará aquela liña de ferro, c'o ouxeto de facer ambiente en pro de cousa de tanta importancia.

Organizaron mitins, nos que latexou o mais fondo entusiasmo, en Ortigueira, Viveiro, Ribadeo e Ferreira do Valadouro.

O mitin d'Ortigueira asistiron delegacións de toda comarca; ó de Viveiro, representacións de Riobarba, Xove, Cervo, San Ciprián, Orol, Muras, Xermade e Liga Agraria do Landro; y-ó de Ribadeo fonon tamén persoalidades de Mondoñedo, Foz, San Cosme de Barreiros e Gangas de Foz.

En todos estos pobos, agasallouse moito ós dinos delegados da valente e cibdadana Xunta Permanente do Ferrol.

En todos aqueles mitins, merecentes de gabanza, porque amostan arelas de rexurdimiento, sendo como leicións de cidadanía, acordouse chegar a xeitos rebeldes se o Goberno, cando se abran as Cortes—cousa que agardaban fose nos derradeiros d'iste mes—, non toma en estima o voto particular que presentarán algús deputados gallegos e asturiáns. Os alcaldes y-as forzas vivas da Costa, adoutarán medidas extremas, conforme prometeron, si entón non se logra que o tan importante ferrocarril sexa un feito. O lume do entusiasmo cibdadán está alceso. ¿Será lume de astelas? ¿Escuma de cerveza? Xa veremos.

Nos rexistramol-a nota por sere d'actualidade e por sere simpática: como estrela que amosira o úneco camiño da nosa redención.

E agora, trail-o feito rexistrado, pétanos decide duas verbas oportunas, pra que logo naide se chame a engado.

Si se abren as Cortes nos derradeiros d'iste mes, ¿teñen os señores da Xunta do Ferrol y-os Aumentamentos e forzas vivas da Costa a compreta seguridade de que os deputados de Galicia y-Asturias presentarán o voto particular pra defendelo?

Nos témol-a dúbida que nos roe a yalma. Temos medo de que a profecía feita polo noso compañeiro Antón Vilar Ponte no seu fondo y-enxebre discurso pronunciado no derradeiro mitin do Ferrol, cumprese ás cheas.

Ben poideran dárenos o timo do voto particular. Quen fai un paxe, fai un cento, se lle dan vimbios e tempo. Y-a nos naide nos arrinca dá chola que aquil voto particular indo de boa fe, pensando nos intreses gallegos mais que nos políticos d'enriba, nos políticos centralistas, xa na derradeira etapa das Cortes poido sere presentado. ¿Por qué non o foi? Por disciplina ó centralismo. Por medo d'alritar ós seus "amos" e "proteitores". Porque non teñen independenza. Porque soñan con facere carreira política. Porque son, primeiramente, deputados pra si. ¿Non é isto certo? ¿Eisaxeramos? Pensemos, en troques, nos deputados cataláns. ¿Deixarian d'aproveitare as derradeiras sesións de Cortes pra presentare o voto particular? ¿Poderían darll'o seu pobo, o timo do voto particular, como ó noso. Ilo deron ós nosos deputados?

¿Farán en xaneiro o que non s'estreveron a facer no mes de nadal? Qu'estamos cheos de dereito e de xustiza, diyo o admirabre razoamento que esquirbeu D. Rodrigo Sanz e que publicaron moitos xornals. Aquilo non ten volta de follas.

Nostante, agardade, espritos inxenuos e probes d'esprito; agardade como non teñen mais remedio qu'agardar—inda que sexa

por sempre—os dependentes, servos e vivos da política centralista que alentan nos nosos rúeiros muncipales e provinciaes. Gaba-de ós vosos deputados—pois c'a crisis e se non se abren as Cortes, e inda que se abran, pol-a mesma crisis, xa haberá disculpa pra aprazamentos—que todol-os parvos e todol-os labercos, diránvos:

"¿Qué lástema, agora si que ña a sere un feito a construción do Ferrocarril da Costa! Pro temos mala pata..."

¡Pobo imbécil! ¡Pobo sen concencia! ¡Pobo escravo!—berramos nos.

Non hai ferrocarril porque non temos deputados.

Y-o voto particular—folla de parra que cobre malas intencións núas—é un hoso que roemos, agradecidos coma cans ós que nol-o botan pra entreter a nosa fame de progreso, namentrás se rin de nos. Adiante c'o engado ruiño. Inda n'é d'ista cando cayamos óa burra. ¡Veñan mais hinos d'alaudo ós nosos... exemprares deputados. Eisi se fai galleguismo.

Os gallegos d'América.—
 Ferrocarril d'Ourense
 :- :- a Portugal. :- :-

Vede agora o contraste. A Sociedade de explotación "Unión Galaica", establecida en Bos Aires c'un capital de trescentos millóns de pesetas, e da que son socios os señores D. Evencio Romasanta, de Lugo; D. Nicolás María López, de Betanzos; D. Emilio Rivera, de Vigo; D. Ramón Pérez Soto, de Redonde-la, e D. Serafin Urquijo, de Sotomayor. Lallín, adequiriron os planos da liña ferrea d'Ourense á fronteira portuguesa, feitos polo Sr. Ortaneda, e propónse moi axiña escomenzar as obras de construción oxe détidas por tere que ultimar algunhas cousas esixidas pol-o Estado.

Ista importante Sociedade, ven disposta a levar a feito a construción d'aquilo proyeito, escomenzando os traballos no mes d'abril do ano corrente.

O xerente da "Unión Galaica", D. Antón Santiago, foi a Verín na xuntanza do inxenheiro D. Bartolomé Groizard, encarregado da execución do proyeito, c'o ouxeto de facere algúns estudos y-o mesmo tempo ofre-

CADRO BRANCO

Os cataláns traquerán a Santiago unha artística coroa de bronce pra o moimento da groriosa autora de «Follas Novas». Ista coroa leva a seguinte lenda: «Los catalanes a Rosalia Castro». Ten a coroa condal do escudo de Cataluña y-unha figura, embrema da Victoria.

O día de Reises celebrouse unha festa no Seminario de Tuy pra faerlles un regalo os nenos pobres.

N'ista festa, na presenza do Bispo, pronunciou un discurso en gallego, un nenito que se chama Pedro de Saracho. Dios queira que ise nenito chegue a home e siga falando e autuando en gallego. Que non se torza, nin s'esqueza xamais da nosa gabanza.

O P. Nebreda, nado en Burgos, e oxe na Residencia de Ballar, fai poestas gallegas moi inspiradas con coñecimento da nosa fala.

cer ós capitalistas d'aquela comarca, sempre que as queiran, aiciós valoradas da Sociedade de 500 pesetas, intresando eisi o maior número de persoas na simpática e patriótica empresa.

¿Quén vale mais, istos gallegos ou os vosos deputados? N'ostante, tedes gabanzas pra os deputadiños de corredoira, e ollades con indiferenza a aquiles bos birmáns nosos.

Peneiremos as concencias, pol-a peneira do noso santo idioma, no que aínda non falan os cunheiros.

O ferrocarril do Norte.

Pro ¿non vedes craro aínda? ¿Sirven de cousa o bloque dos deputados gallegos? ¿Quén mais que A NOSA TERRA tivo e ten razón? ¿Quén, fora de nos, di a verdade, poñendo as mans na chaga?

Xa esqueceuse o aldraxe fondonísimo, sen semellantes, que nos fixeron a Compañía do Norte y-o Poder central, cando o bloqueio dos trens pra gallegos pol-a neve.

Logo do da neve, viñeron os derrumbamentos de terras y-o da ponte de Bembibre. Os trens gallegos, seguiron chegando cativamente, con moito retraso. (Siñal de que a ispeición non é boa.)

Agora, por falla d'outras desculpas, ólgaselles o morto ós cruces. Mais tarde será ó esceso de viaxeiros.

E xa non falemos dos trens de mercaderías. Por falla de vagóns, comerciantes, hai na Cruña—sabémolo ben—e n'outros pobos gallegos, que terán que abañare as letras importe dos pedidos feitos, dinantes de que cheguen os xéneros mercados. Sofren graves perxucios que pagara o público pol-o derradeiro.

E preguntamos: ¿Onde vai aquíl xeito rebelde dos comerciantes cruñeses? ¿Qué veu trail-o peche xeneral d'estabrecimentos? ¿Onde están os nosos... riños?

Poñámonos de xionllos pra louvar ó bloque de deputados gallegos. Cámaras de Comercio, forzas vivas de Galicia: temos aquilo de que somos merecentes.

¡Qué noxo! ¡Cánta cobardía! ¡Cánta escravitude! ¡Qué lonxe nos achamos d'Europa!

A MARINHA

Terra nativa da Mariña onde pasé a infancia miña, que nunca borrar puiden do amante corazón; quero cantar en dóce tróva buscando agora a rima nova en ledas armonías e fonda inspiración.

Hei de cantar a miña terra sempre ridente, onde s'encerra do paradiso bíblico a fronda virxinal, coas suas augas trasparentes nas que as estrelas relucen fan de meigas mil xogos sobre o limpo cristal.

Os ameneiros abanean e nas suas pol-as s'arrendean o melro asubiante y-o ledo verderol, mentras as frores encantadas vense nas augas retratadas sentindo nova vida coa lus do craro sol.

Pequenas lanchas navegando van pol-a ría, branqueando o picudo velame que rompe o limpo azul; mentras agarda na riveira do pescador a compañeira, que ve bical-as ondas no ribazo de Pul.

Maino, mainiño en Ganderío xemen as ondas de cotío entoando cantigas de misterioso son, como si Venus deslumbrara, espido o corpo, a linfa crara das augas, no corruncho da cólica mansión.

¡Qué terra linda esta de Sada onde Natura entusiasmada verteu a fermosura con farturanta man! Veigas e soutos e cortiñas, as rabaleiras y-as campiñas d'amor e liberdades a todos falarán...

Hei d'atoparte mais fermosa, veiga ridente, terra nosa, que te levei gardada no mesmo corazón, cando nas veigas encantadas as tuas xentes liberdades entoan as cantigas d'enxebre redención.

M. LUGRIS FREIRE.

CONTOS DO POBO

O COCHO DO "PRINCESA DE ASTURIAS"

A un enxebre paisano noso que presta servizo no cruceiro "Princesa de Asturias", e que por mais señas é dos de galons da dotación de máquinas, ouíll'iste conto que a contarvos vou. Si amocado fun por non sere certo o conto, contaréivol-o a vos pr'amocavros, por tal de non me quedare co-amocadura.

Antre os moitos mariñeiros que compoñen a dotación do "Princesa de Asturias", había un, nado nas rías baixas, que tiña o santo privilexo de faguer. Beilar un cocho pequeno cando il tocaba ó seu xeito un vello violín, ó que lle arrincaba notas tan armoniosas com'arrincarlle pode quen tocalo non sabe, e com'as que poden faguer falla pra que beile un cocho. A costión é que il metía o quino n'unha tina valdeira, e aínda ben non sentía as primeiras notas do violín, comenzaba a dar brincos sin xeito c'os pes e co-as mans, coma si talmentres estivera enriba de unha prancha de ferro quente.

Nos comenzos, foi o adivertimento dos compañeiros; dimpois o foi de sobrecargos e contramestres, e de oficiais e até do mesmo comendante, derradeiramente, pois to-

CADRO MOURO

¿Qué poderíamos levarlles nos ós catalans en troque da sua ofrenda a Rosalia?

¿A coroa do esquecemento que puxemos sóbor das pobres mulleres últimas na traxedia do Porto do Son? ¿A coroa d'espíñas conque a Galicia castelanizada magoa o idioma de Rosalia? ¿Un falo de caciques pra que os enterren nos fosos do Monjutch?

Limos n'un «entrefilet» d'España Nueva e veunos á cara unha labarada de carraxe, que, en Lugo, fai pouco, celebrouse un xantar solene en honore de «Celita»—¡ouh P. Sarmiento que sentíaste ledo porque en Galicia non había flamenquismo!—no que fixéronse brindis en pro da construción d'unha praza de touros, como «artigo de primeira necesidade» na cibdá do Sacramento.

O crego Rey Soto, gran poeta ourensano, fai poestas no idioma de Castela. E cantou a Castela, en castelan, na festa cruñesa en homenaxe a Rosalia.

dos tiveron que faguer co-aquí cocho beilarín. Eisi e todo, mais que ó quino beilara, chamáballe moito mais a atenzón os medios qu'empregaría o mariñeiro pra conseguire tal milagre, pois teño entendido que amestrare un cocho é cousa mais difícil aínda, que o conseguire que ó xionllo de Romanos deixara de atoparse adoito faguendo vértice de un ángulo outuso. Isto do amestramento, marxen dou a que dimpois de adicarlle ó das rías baixas mil xéneros de gabanzas, perguntado fora por xefes e compañeiros, da maneira coma chegara a amestrar-o cocho, mais o amestrador parez que tiña o conto en gran segredo, dende o punto en que a ninguén dixo com'a tal cousa chegara.

A necesidade, het'eiqui que o díaño da necesidade, qu'è a que pon a proba o prezo das cousas e os segredos dos homes, tamén o puxo a il e mal librado saíu de ila. Atopábase nos comenzos do mes do Antroido faguendo unhas faenas na cuberta, cando acertou a pasar por ali o comendante, que ó vel-o e reconocere en il ó dono do cocho, perguntóulle:

—¿Beila algo novo o cocho?

—Beila o mesmo, señor comendante—dixolle aquíl coadrándose militarmente—; quen bailaba e non na persencia d'usía, si lle concedera unha cousa, era o dono.

—Ti dirás.

—¡Si usía tivera a ben darme un premio pra pasalo Antroido na casa!...

Pinsativo quedouse un anaco o comendante, e surrindose coma si hachara unha solución, contestóulle:

—Concédoche o premio si me dis cómo te apañaches pra faguer bailalo quino.

—Direillo a usía si me da a sua verba que non llo contará a ninguén.

—Conta.

—Pois verá usía. O conto foi ordenado por min e un meu compañeiro. Antre os dous, metíamol-o cocho na tina. Dimpois, eu collía o violín e il un xarro de auga fervendo, e adoito qu'eu tocaba, il vertía poucos d'auga no lombo do cocho, que, fervendo com'istaba, xa comprenderá usía que ó menos que podía faguel-o cocho, era beilar do mesmo xeito qu'ou ven beilar agora. Isto feito unha data, e outra, e outra, foi tal o mé-

do que lle ganou ó tocar do violín, qu'era o anunzo da y-auga fervendo, que agora, cada ves que o ascoita, comenza a dar brincos agardando sin dúveda pol-a quentura do lombo... ¡Eisi foi, usía, com'adeprende a beilal-o meu cocho!

—Ganáchel-o premiso, rapaz—escramóu ríndose a carcaxada limpa o comendante, seguindo cuberta adiante entre a admiración dos mariñeiros, que nunca o viran rir de tal xeito co-un compañeiro.

Iste foi o conto que me contaron, e iste é o conto que me fai faguer unha pregunta con motivo do beile que tiveron datas atrás os deputados da nosa rexión na tina centralista.

—¡Beilaron pol-o tocar do violín rexional, ou porque aquíl lles anunciaba a y-auga fervendo dos "Amigos da Fala"?

RICARDO CARBALLAL

NO TOCAR.....

(HESTORICO)

Algús músecos populares, voltaban da festa da Lanzada.

O maordomo, fillo do país, recién chegado da Pampangá, fixo por oferta unha festa, que resultou verdadeiramente esmendrellante.

A os músecos tratounos a corpo de rei. Non lles escatimou, nin o xantar nin a bebida. Sobre tudo ista.

Ben está sabido que moitos dos músecos de vento, por necesidade teñen o costume —pois coidan eles que o instrumento pon enxoita a gorxa, e pra dare as notas craras e brillantes deben terse húmedos a boca e os beizos—de facer os honores ó bon viño.

Viñan pois ledos coma unhas pascuas. No coche "ripert" qu'os traguía viñan tocando unha... miscelanea. Calquera adiviñaba o que fose aquilo.

O conto era espallare alegría, e cada un, daba maiores e mais fortes trompetazos. Tocaban coma tolos.

Preto xa de Vilalonga, súpeto o qu'iba no guiadeiro parou de tocar, e ergueitol-os brazos, axitábaos no aire co desexo de falar e de qu'o escoitaran. Pero non era posíble. A o comenzo os compañeiros que se decataron d'ilo, coidaron qu'o facía por broma, e non lle daban creto, mais era tal a desesperazón do home que coidaron que toleara.

Parou o "ripert", e calaron os músecos.

—¡Calai, calai por Dios!, non toquedes—dixo acorado, conxestionado o rostro, e os ollos da cuarta—¡mirai o que ali di!

—E cheos d'asombro leeron en alta voz, os que sabían facelo, n'un pau do tendido eléctrico:

No tocar... peligro de muerte.

E pensaron n'un tráxico fin, se non deixaban de tocar.

E mais fixollo creere eisi a calaveira posta ó pé do letreiro.

Calaron e non tocaron mais en todo o viaxe—no cal atoparon outros letreiros de igual xeito—e viñeron comentando calada e respectosamente ó porqué d'aquela adevrentenza.

A o chegaren ó pobo, non falaren d'outra cousa, deixando ver aínda nos descompostos sembrantes o medo que lles fixera papar o condanado do letreiro.

FRANCISCO PORTELA PEREZ.

Pontevedra, xaneiro 1916.

A BRANCURA DE PIERROT

FOR XACINTO BENAVENTE

TRADUCION DE L. CARRE

No muiño do Sr. Matias, vello cobizoso, sen fogar e sen familia—conecido no lugar e en toda a bisbarra pol-a sonda da sua facenda e da sua cobiza—traballaba Pierrot dendes de neno na moenda, contento co'a sua sorte, deprocatado co futuro, a sua y-alma branca com'a cara enfariñada de coitío; risotadas e cantigas sempre nos beizos, branco coma a fariña de fror, saborosa masa do pan da sua vida gañada honradamente. Colombina mocíña donairoza, maponla vermella antre o grau d'ouro das colleitas, era co'a sua presenza no muiño, alegría do trafego, poesía da eisistencia traballosa, aveciña gorxeadeira que de seu levaba á escuridade celobre do muiño, en córes, en lus, en ledicia, unha primaveira eterna de xuventude e de amores. Colombina tiña ouvido contar historias de fadas, de principes namorados, de pastoriñas formosas.

O Sr. Matias tencionaba defacerse do muiño, canso do trafego infindo, e aínda mais pra adicarse do todo á usura, negocio mais folgado e de mellores rendimentos. ¡Se Pierrot poidera mercal-o muiño! Colombina daríase conta da realidade e desistiría d'agardar pol-o príncipe azul dos seus soños cór de rosa e consintiría en sel-a muiñeira co seu namorado muiñeiro branco.

Non lonxe do muiño n-unha ruín chousa vivía unha vella ruín coma o Sr. Matias, índa que lle ganaba en cobizosa e ruín. Pídiña esmola na cibdade próisima pol-o día, e xa ben adiantada a noite, voltaba renqueando á sua morada de sovina probeza e ali sigún dician as comadres do lugar, hastra altas horas da noite contaba moedas d'ouro e prata a vella cobizosa.

A ideia do crime, negra coma neveiro tormentoso afincouse na y-alma de Pierrot. ¡Era tan formosa Colombina! E unha noite d'inverno, como a lua crarisima branqueaba a sua figura branca, internouse, arras-

trándose coase, antre as árbores cara á chousa da vella.

Dinantes d'entrar nela, tisonouse a cara e as mans c'us tizós, sobexos d'unha lumera da que uns pastores acenderan aquela sera na campia.

¡Quén podería conocelo, negra a cara e negra a y-alma, na negrura da noite e o crime!

Vermella a cara, vermella-as mans, safa ao pouco tempo apertando convulso unha bolsa de coiro chea de moedas d'ouro. Pierrot tiña as mans e o traxe ensangantados, sen velo sintía o sangue que lle tinxía a cara... E ali perto non había auga e dinantes que chegara á canle do muiño poderían velo ¡Probe Pierrot! Pra sempre vermello, espectro terrible do crime.

O ceo grisallo, monótono, somellaba que se desfacia en folepapas de neve, pruma soave de cisne branquisimo alfomaba o chan adurecido, agretado pol-a xiada.

Pierrot quixera sepultarse na brancura da neve immaculada, desfacerse co'ela en brancura, brancura do ceo, fria coma perdón sen amor e sen misericordia.

A neve caendo cochaba con nova brancura a cara e as mans de Pierrot. Borrado o sangue vermello do crime! Pero a calor mais tenue descubriría a máscara proteitora e dende entón Pierrot vive na friaxe d'unha noite infinda sen quentura no corpo e na y-alma, sen contempral-a campia ridente, asoleada con fervedoiro de frores e follaxes, sen unha rayola de sol, sen unha unha noite infinda sen quentura no corpo aterecido, sen un groulo de viño xeneroso que en reflexos de granate ou de topacio faga esvaír con escentileos d'ouro ou rosa as brétemas cententas do pensamento triste, sen os alumiños da amizade, sen os bicos do amor... ¡Triste Pierrot, de fría brancura coma perdón sen amor e sen misericordia!

A diada da lingua catalana

A HIRMANDADE DA FALA GALLEGA
ADIREUSE A ELA

Na primeira época do renacemento literario de Cataluña, xuntáronse algunhas veces, en Monserrat, na Provenza y en Barcelona, poetas d'aquelas terras, de Francia, de Cataluña, de Valencia e de Mallorca, antre eles Mistral, Balaguer, Aguiló, Llorente, Verdager. Xuntábaos n'aquelas festas o amore á mesma lingua.

Aquiles goriosos poetas, fonon inconscientemente, sen sospeitalo, os precursores do pancatalanismo d'oxe.

Tales cimentos tivo a "diada da lingua catalana", festa da unidá do idioma e da raza, que a día de Reises celebrouse con fondo entusiasmo, cheo de trascendencia, en Barcelona.

A isa festa, exemprar pra nos, dirixiron sendos telegramas d'adesión garimosa todolos grupos ou seiciós da "Hirmandade da Fala" en Galicia. C'o iles deuse unha nova proba d'amore antre gallegos e cataláns. O espírito esgrevio, enxebre, de Galicia, latexou ó unisono c'o nobre y-europeo espírito de Cataluña.

O día 6 de xaneiro, dimpois de moitos anos, xuntáronse os fillos espallados de to-

dal-as terras de fala catalana, pra rendirle un querendoso e fervente homenaxe ó Verbo inmortal d'aquela raza.

O territorio da lingua de Cataluña é insuar e continental. Abrangue o primeiro, o agrupamento das insuas Baleares e a colonia d'Alguer na insua de Cerdeña (Italia); e o segundo abrangue o principado de Cataluña, o reino de Valencia y-as antigas rexións do Rosellón, Andorra, etc.

N'ista festa do idioma houbo lembranzas pra os voluntarios do Rosellón e pra os de Cataluña, que loitan xuntos nas trincheiras francesas. Houbo tamén outra lembranza entusiasta pra o mariscal Xoffre, que, sempre, con orgulo, chámase a si mesmo "un catalá d'el Rosellón".

¿En qué consisteu a "diada da lingua catalana"? Nunha festa patriótica, solenísima, que se celebrou no Pazo da Música catalana, baixo a presidencia do insine dramaturgo D. Anxel Guimerá e de doña Dolores Monserrá, e na que falaron, noso amigo D. Xacinto Mustieles, de Valencia; D. Alberto Bastardas e D. Luis Martí, de Mallorca; D. Magí Morera e Galicia, e D. Xaime Bofill.

Todolos oradores dixeron cousas de moito intrés.

Logo, celebrouse un gran festival popular de Belas Artes, no que tiveron parte a Escola dramática d'arte catalán, a Escola Orfeónica e o Esbart Catalá de Dancaires.

Tamén a Liga Espiritual de Nosa Señora de Monserrat, organizou unha misa solene de comunión. N'ela predicou en catalán o P. Miguel.

Cataluña, a exemprar Cataluña, unha vez mais rompeu lanzas pol-o seu idioma, cimento de tod'a sua personalidade fundamente cidadana.

¡Que isto nos valla de leición ós gallegos! ¡Que axiña poidamos chegar a facer a festa da nosa fala! A hirmá Cataluña, amóstranos o bon camiño.

OS NÓSOS DOUS GRANDES LÍRICOS

PROSAS AÁS

"Orfebre de la rima, artista imponderable, cantor de nuestra tierra..."

JOSÉ DE PAZOS.

(Sursum Corda.—Poesía a la muerte del poeta gallego Manuel Curros Enríquez.)

"Creerías sus ideas florecillas brotadas en los sepulcros. Caen sobre el alma con la lánguida tristeza de las ramas del sauce y huelen a ciprés."

EMILIO CASTELAR.

(Prólogo al libro de Rosalía Castro Follas Novas.)

Compostela, a sede intelectual de Galicia, ten unha dobre deuda con dous d'os mais preciaros fillos d'esta rexión; son eles: Manuel Curros Enríquez e Rosalía Castro.

A que fai referencia a Rosalía vai sere axiña liquidada a medias xa que n'os mais fermoso paseo de Santiago, grandes bloques de granito artisticamente axuntados están formando o pedestal sobre cuyo plinto ha de erguerse un día pra honore de Galicia aquela divina muller—feita pol-os dioses de sentimento, lirismo e delore—que tantos loureiros conquireu co seu arte esquisito pra a sua terra.

Vergoñoso é, certamente, que non haxa en Compostela duas rúas que mostren os nomes de Rosalía e de Curros.

Duas rúas ou prazas c'os nomes (eiquí onde tantas os teñen absurdos e valdeiros) destes consagrados.

En Santiago, que garda celosa e orgullosa as cinzas de Rosalía y-aonde vir deberan a repousar o derradeiro sono, o sono de paz—en un panteón varil e xigante—os de Curros e todol-os homes ilustres de Galicia.

Acabamos de decir que a deuda feita co a autora de *El Caballero de las botas azules* imos a pagarlla a medias.

Nada tan certo. En efeuto, o homenaxe que se lle prepara é incompreto. A o tempo da inauguración d'o monumento unha lápeda de mármore ou bronce c'o nome do xenial poeta posto en letras d'ouro debe bautizar a avenida onde a estatua se erixa ou ben unha rúa da cidade vetusta.

Queda espallada a idea.

Curros: o varón craro e forte, o poeta inspirado e varonil, o que na suas recias mans sostuvo sua lira, sua torva lira de sete cordas, o que dixo que sólo n'a testa da Tiranía debían os poetas "crebar as liras", o autore sentimental d'A *Virxen d'o Cristal*, Curros: apóstol, caudillo e apasionado, "poeta d'o delor, poeta d'a ira e d'a pena, poeta d'o

amor huraño e d'a tenrura infinda" como lle chamou outro insine lírico: Salvador Rueda o cal desexaba que os restos de seu hirmán n'a Poesía entrasen en España, no noso chan histórico con nosas bandeiras cravadas n'as puntas das nosas torres.

"Murcia, Sevilla, León, Oviedo, Málaga, Burgos las de torres más altas, bordad unas banderas de triunfo para el día en que lleguen a tierra española las cenizas sagradas de ese poeta glorioso y clavadas allá en la cruz, en la veleta, en la cima, y empinadas sobre el suelo de la Península, vean venir antes que los hombres el colosal ataúd, el buque de epopeya grandiosa que traiga a nuestra tierra bendita ese repatriado inmortal" e Rosalía: A que vagando a orelas d'o rio eternamente poético e cantarin, compuxo, plectro en man, estrofas tersas, apasionadas, tenrisimas e melosiñas, a que acompañou o ritmo do seu magoadado corazón c'os infortunios e amarguras da sua terra.

(Corazón doente e xeneroso que foi manantial cheo de gracia pra o desvalido e pra o acongoxado.)

"Aquella pobre aldeana—e frase de Unamuno—que llevó la vega de Padrón en el alma." A muller "en quien puede decirse—escribe Murguía—que estuvieron representadas todas las grandes cualidades de la mujer gallega".

Aquella santa muller atromentada que rezo n'a catedral de Compostela "palacio místico—de atrevidas románicas arcadas" que tivo medo n'o *Pórtico da Gloria* frente a os *calabres e deños* q'a miraban.

Dend'as columnas ond'os puxeron!

... facendo mocas

e chorou en Iria-Flavia nas suas veigas queridas, onde aquelas lágrimas, inmarcesiblemente, florecerán coma rosas...

Curros e Rosalía, decimos, os dous poetas d'a terra, os dous cantores de Galicia deben ter en Santiago un recordo perenne e altísimo.

Padrón dou a unha de suas rúas o nome de Rosalía.

Celanova puxo n'outra d'as suas un rótulo c'o de Curros.

Engarce Compostela: nai espiritual e intelectual de Galicia, relicario d'o Arte, museo e templo, en fin, n'a tiara que ciñe suas siens águstas y ancianas a pedra preciosa d'o agradecimento—fabulosa xemia que lle otorgará executorias d'honore e prestígio, xa que é do dominio de total-as xentes (e peche él miña *Prosa*) este apotegma: O que honra a o que o merece hórrase a sí propio.

ORTIZ NOVO

Bibliotecario d'a Hirmandade da Fala" de Sanitago)

Compostela, Inverno.

Pregamos a cantos se fixeron suscritores d'iste boletín, o mesmo que a cantos recibíndoo non o devolveron, que manden pol-o xiro postal ou en sellos de correio o importe da sua suscritión, pra poder votar as nosas contas.

Tamén pregamos ós amigos d'América e Portugal que nos axuden na propaganda de A NOSA TERRA.

IMPORTANTE

Iste boletín—óllese as nosas listas de suscritión—chega ás mans das persoas mais intelixentes de todol-os pobos de Galicia. Vai tamén por América, Portugal e por moitas cidades d'España. Os leitores de A NOSA TERRA son mais cada día.

Lénnos abogados, notarios, cregos, empregados, médicos, farmacéuticos, comerciantes, xentes de boa posición. Lénon tamén xente do pobó.

Anunciárese, pois, no noso boletín, é cousa comente. O anuncio costa pouco e ten a ventaxa de que, por ire feito en gallego, óllase sempre. Ademais, cuáseque todol-os nosos lectores colecionan istas páxinas.

¡Anunciantes, non esquecerse d'isto!

POL-O ARTE GALLEGO

Lein, xa fai algún tempo, no Nuevo Mundo un artigo de José Francés, célebre novelista e crítico d'arte, tratando precisamente do que en, inda que sen outros méritos que o meu grande querer á terra, quero tratar tamén. Boto, pois, man d'iste grande auxiliare cuia valía agardo que faga o que o meu bon desexo por si non lograria.

Dicía Francés no seu citado artigo que os artistas de provincias divorcianse, con beneficio, do poder central. Os pintores, os escultores, coma os esquiretores, vanse convencendo de que a sanzón madrileña non significa nada.

E aídan dicía mais. Paréceme que as suas verbas eran estas: "Lonxe do ceo que os viu nacer, desarringado o espírito das emocións e das visións fraternas, violentando o temperamento pra o esquecemento da Natureza e pra unha imposición do criterio alleo, os rapaces que en Madrid viven soñando con medallas d'ouro, arrastan grillos de promo..."

Por iso, digo eu, os grandes artistas son aquiles que sintindo, a sua rexión, a sua Patria, nela se inspiran; nela buscan axuda pra a realización da grande obra, da obra ideal que todo artista soña, e que ha sel-a mellor lembranza do seu paso pol-a vida se conserve, obra que unida ao seu nome venerando sexa honra da terra onde nasceu.

E por iso os pintores valencíais, os vascos, os catalás, van facendo exposicións dos seus traballos, a maoría d'eles netamente rexionales, e co'elas unha labor de cultura, ben oirentada e benfeitora.

Os artistas gallegos deben tamén facelas suas exposicións. Pintores témolos de moita valía; algúns mais conecidos non estranxeiro do que en Galicia, sua terra.

Non soilo como demostración do grande valer dos nosos, senon como estímulo e como escola onde adprender aquiles que tendo a sua y-alma de artista teñen que traballar mais, que loitar con maiores dificultás pra conseguiren chegar a conocele arte e facerse un nome.

Pensen niso os artistas gallegos; póñanse d'acordo e realicen a exposición. Sendo posible ainda deben facer mais, deben facer que non soilo estas exposicións se celebren todol-os anos, senon que sempre e en todo tempo os amadores do arte teñan onde estudar, e os estranxeiros que visiten a nosa terra un lugar onde vexan pol-os seus propios ollos que os gallegos son tamén grandes artistas como son grandes poetas, grandes pensadores.

E dicir: é preciso traballar hastra conseguir establecer un museo, un grande museo rexional. Obras non fallarán, que o Instituto, a Diputación, o Ayuntamiento e mo-

tos bós gallegos teñen produciós dos artistas d'agora e dos que pra nosa disgracia xa morreron. Ninguén duvidará en ofrecelas, por patriotismo, pra axudar ao engrandecimento de Galicia, no que ten parte de moita valía a labor artística.

Non se logrará isto?

Teñamos fe, teñamos voluntá e poñamos todos algo da nosa parte até abranquelo.

L. DE SERGUDE.

A CORREDOIRA

Lonxe d'a vila,
preto d'a aldea,
hay un atallo
xunto d'a vrede
(conforme vamos,
a man dereita),
pr'onde os veciños
volven d'a feira,
pousan os feixes
total-as vellas
que n'os pinales
rouban a leña,
y-ond'a compañía
din que s'apreixa
n'as noites craras
de lua chea.

E a corredeira
mais, feiteceira,
mais enmeigada,
qu'hay pol'a terra.
Cand'os rapaces
sán d'a raxeira,
cansos d'os xogos
d'as estornelas,
y-os namorados
métense en lerias
pol-os currunchos
pr'ali esmoela,
baixo d'a soma
qu'hay sempre mesta,
estomballados
dormen sin penas
a sono solto,
carranchapernas,
antr'a frescura
d'as auras ledas,
c'as follas bican
cando abanean.
Sal'se d'o escampo
y-éntrase n'ela,
como n'un túnele
que se fixera
de follas, frores
brancas, bermellas,
con cantas prantas,
de cantas herbas
hay pol-o mundo
e-ali nasceran.

Unhas coas' outras
fecen a tea
de córes váreos,
de tal maneira,
que fan un páleo
pr'onde se creban
d'o sol os raxos
cando mais queiman.

¡Ouh, qué dilicia
c'a Dios me deral!
Hortas froitosas
ten pol-as veiras,
e dend'os valos
cubertos d'hedras,
schen a-eito
hastra qu'entrenzan,
facendo bóveda
tan churrusqueira,
tan cobizosa,
¡qué para vela!

Os chuchameles
pingando esencia,
rousales bravos
xunto-as silveiras
ond'as amoras
fan qu'apetezan;
logo-os vieyteiros
de frores néveas
cnde se pousan
as volvoretas
que van e veñen
coma moxenas;
fiunchos, laureiros,
buxos, cerdeiras,
ben misturados
todos s'enredan.
Cand'abre-o día
y-a lus s'enxerga
sébór d'as cumes
en lumareiras,
tenxindo d'ouros
soutos e veigas,
mentras refulxe
n'as pingas-pelras
que d'o recio
brilan n'as herbas,
n'a corredeira
fan unha festa,
ond'os gorxeos
repiniquéan,
cantos paxaros
hay pol-as leiras.
¡Qué rechouchios,
qué cantarelas,
de pola en pola
revoando ceiban;
cómo se bican
s'e se peteiran
siríns, pardillos,
melros, laberças.
O pór d'a tarde
n'esa hora-incerta
de fusco e lusco,
cando se queixan
d'o mar as ondas
qu'a praya chegan,
rompendo en pulos
n'as agres brenas,
que festonadas
d'escumas quedan
brancas, branquiñas,
coma folepas;
cando n'os campos
todo-é tristeza
y-óuzanse lonxe
campás d'igrexa,
e-as aves calan
y-as somas medran...
n'a corredeira,
longa, deserta,
farta d'aromas,
de frescor chea,
trémece-a-alma,
sintense penas
d'unhas congoxas
qu'ali morreran!

LISARDO BARREIRO

O VIMBIO E MAIL-O PIÑO

APOLOGO

—¡Ouh pino lanzal e orguloso!—dicia o vimbio—, dende o cume d'ese cómaro, soilo e escurripado, estás ollando con desprecio as silvas, espiñas, fiunchos e demás herbas cativeiras que medran nestes ridentes vales.

Tamén a min fasmé carantoñas nas noites de luar; e cando o vento do sul chega a nos, o teu rum-rum, mais que queixume, somella unha risa bulrona.

Ontes, cando aquel vento forte que arrincaba as frores e follas dos meus compañeiros e amigos, e facía arrendear as miñas

ponlas en movementos epiléuticos, as tuas picudas follas caeron de punta sobre de min e firronme sin piedade.

Non esquencerei o aldraxe ¡ouh pino lanzal e orguloso! Por mui fachendoso que te poñas, morrerás escura e doidamente. Eu digoche en verdade: a tua mesma fortaleza será a causa d'esa morte.

Cando veñan os vendavales do inverno, eses ventos que fan tembrar a natureza toda, heite de ver estonces ¡ouh pino lanzal! Bruarás comá un condanado, coma un lobo doente; queixarás te pido piedade; e despois d'unha loita inútil, virás ó chan, tronzado pol-a mitá, rachado; dino castigo ó teu desleigamiento, orgulo e xentileza.

Entramentres, eu deixarei pasalo vendaval, baixándome diante da sua forza asoballante, e despois tornarei de novo a estiral-o meu corpiño sobre do loureiro, deixando que a bris recendente d'estes vales me alumiñe rendendo as miñas follas xeitosas e sempre verdes.

¡Qué pouco vales, ouh pino lanzal e orguloso!

II

—Ointe, vimbio servil, ointe—comenzou a rosar pol-o baixo aquel pino lanzal—; ointe, e xa sei que, segun dis ti, a baixeza, o servilismo desleigado e a debilidade vergonzante, son boas condicións para vivir nestes vales azoutados na crúa invernia pol-as furias do ceo ou do inferno. Así pensan os que, coma ti, non contan con forzas nin puxanza pra loitar pol-a vida; así pensan os escravos, os probes d'espíritu, os que pra nada sirven.

¡Vimbio, vimbio cativoiro! Cando veñan eses feros vendavales de que me falaches, o teu corpo deble pasará pol-a inominia da humillación, por eso vivirás. As furias dos elementos perdoan casi sempre ó que nada val; o vento duro que arrinca e derrumba o forte carballo, nada lle fai ó cativoiro feito.

Eu quizais secumba: a morte non é certamente unha vergonza. Moitas veces é escomenzo d'outra vida mais honrada e útil. Mais, cando chegue pra min ese día, as piñas que teño guindadas nas ponlas, caerán sobre do eido, e ceibarán os piñucos que serán xermen de moitos fillos meus. Onde diante había un pino, nacerá un piñeiral eu apreixado coto, que resistirá despois os mais feros e súpetos ventos de crúa invernia.

¡Sigue gabándote, vimbio servil, escravo, lixado sempre pol-a baba que no teu corpo deixa a lamachea que vive a carón teu.

ASIEUMEDRE

Suscribírese a iste boletín, non é suscribírese a un boletín mais: é colaborar n'unha santa obra patriótica; é axudar ó traballo de facer conciencia galleguista.

Iste boletín é unha escola de cidadanía e de patriotismo, como non hai outra en Galicia.

Compatriotas d'América que sostedes escolas na nosa terra: pensade que iste boletín é unha escola prát'ca, transcendente, que facía moita falla, verdadeiramente precisa. Unha escola que xa da froitos e que fará xurdir os apóstoles da nosa redención, e así como poetas, novelistas, dramaturgos, homes de ciencia y-economistas gallegos.

Onde haxa un gallego de corazón, alí ten de habere un home que nos axude.

Nos dámol-o exempro: poñendo cartos traballando sin trégoles. ¡Axudainos, vos gallegos! Non vos pedimos unha esmola, senon unha cousa de fondonísima xusticia.

UNHA CONFERENZA NOTABRE

A Hirmandade da Fala no Ateneo de Madrid

Como anunciáramos no noso derradeiro número, Aurelio Ribalta deu no Ateneo de Madrid a carta conferencia das de propagandas organizadas pol-o boletín "Estudios Gallegos". A conferencia asistiron D. Rafael María de Labra, o marqués de Figueroa e outras moitas persoalidades.

O tema escolleito por Ribalta, foi iste: "A lingua gallega na literatura actual de Galicia".

C'os seus fondos coñecimentos sinalou a influencia que tén Galicia como núcleo lingüístico en Portugal, nas terras de León, nas do N. O. de Castela y-en moitos dos millores estilistas cásteláns qu'oxe esquirben.

Combateu fero a oposición qu'a incultura das xentes cultas fai á lingua gallega dende a época dos "Precursores".

Falou da prosa gallega d'agora e do neoloxismo. Inda fixo un notabre estudio técnico do gallego pra o cultivo da literatura.

Tratou logo da dramática e da oratoria. Fixo con moito agarimo unha xusta sembranza de Lugris, dicindo d'il que é o apóstol e principal mantendor até agora do teatro gallego y-o primeiro orador político en gallego. Ocupouse tamén, con grande amore, dos "Amigos da Fala" e do traballo trascendental que veñen facendo.

E concruyeu amostrando como o desenvolvemento da lingua camiña paralelamente coa galleguización do traballo gallego, pra dicir que coída que da crisis actual sairá o frolecimento de Galicia pra qu'ista poida cumprir sua misión, sua fonda e santa misión en España, en Portugal e n'América gallega.

Ribalta foi moi gabado pol-os ouventes. O seu discurso maxistral agradou a todos. O gran compatriota, o insine filólogo e poeta, fillo do Ferrol, estivo a grande altura, abrangendo os cumes do noso idearium.

Ribalta é un mestre exemplar do galleguismo militante. O seu nome temos de levarlo no mais outo do noso espírito con agarimo.

El é o primeiro que presentou ós Amigos da Fala no Ateneo de Madrid.

VERBAS OPORTUNAS

Temos de decirlles ós nosos colaboradores que os traballos c'os que nos honran, non sendo d'actualidad, sometémol-os a un turno riguroso para a publicación.

Recibimos moitos, e xa, pouco a pouco, irán saíndo n'istas colnas.

Sóbor de todo as poesías teñen que sufrir un retraso maior, porque a estética y-o xeito de A NOSA TERRA impiden insertar mais que unha ou dúas en cada número. Convéñennos, pois, millor as pequenas que as longas.

Pol-o demáis, os esquirtores enxebres—prositistas e poetas—inda prescindindo do idearium patriótico que alenta ista publicación, por egoísmo propio deben axudarnos economicamente, xa que os seus traballos atopan n'A NOSA TERRA unha circulación "de calidad" que non teñen aínda nos xornales mais importantes de Gattica.

Todo-os gallegos que aman o noso idioma na rexión, n'América, Portugal, Madrid, Barcelona, etc., lén—como se pode mostrar—iste boletín, coleucionándoo a maoria.

Temos moitos lectores en Vigo, Santiago, Ferrol, Ourense, Pontevedra, Lugo, Habana, Bos Aires, etc., eisi como en vilas y-aldeias das catro provincias.

Ningún xornal gallego está nas nosas condicións. Farán maior tirada, pro ista non se reparte entre os núcleos de toda xente enxebre de todas as ideas políticas e creencias relixiosas, que constitúe a "Galicia gallega".

¿Comprendedes xa por que ten mais importancia publicar cousas n'iste boletín que n'un xornal da rexión? ¿Non vos decatades tamén, do percisa que se fai A NOSA TERRA? ¿Non vos decatades da sua transcendencia?

Inda non estamos cansos de repetilo: Ista é a millor escola viva de galleguismo; ó único mapa espiritual de Galicia y-as suas colonias; o soilo medio d'unidade pr'as concencias y-os pensamentos.

Soilo nos reflexamos o panorama completo dos vicios e virtudes da Galicia actual, eisi como os horizontes do noso pasado e do noso porvir, sinxela e craramente.

Adimitimos todas as opinións, inda que rebatán as nosas. ¿Hai outro boletín, outra tribuna igual en Galicia?

Se falta A NOSA TERRA, os enxebres—os dos gallegos—terán qu'enmudecere de novo. Fixádebos ben no que dicimos.

UN XESTO EUROPEO

Os estudantes da Escola Industrial de Vigo

Hai en Vigo, no moderno y-europeo pobo de Vigo, unha Escola Industrial semellante a outras d'outras pobraciós españolas.

N'aquela escola, parte do profesorado—conforme din—no se acha a altura do que existen os novos coñecimentos técnicos. Os alumnos, pol-o mesmo, saían do dito establecemento en condicións d'inferioridá pra loitar na vida drento do exercicio da sua profesión. Pra qu'atopasen emprego tiñan—¡ouh vergoña!—até chegaren a ocultare o nome da Escola onde adquiriran o título de suficiencia.

Cobizosos, nobre e lóxicamente cobizosos do seu porvir, moitos dino alumnos d'aquela Escola, ergueron a sua voz en sona de protesta contra dos profesores ineutos e contra da catividade do material de prácticas, dirixindo ó mesmo tempo unha istancia crara e percisa ó ministro d'Istrución pública, na que puntualizaban todas aquelas cousas vergoñentas, na husca de súpeto remedio.

O Sr. Burell prometeu atendere tan xustas queixas. Os profesores "sumariados" tratan de defendérense. Y-o preito—se non estamos trabucados—sigue en pe.

Mail-o noso deber é apraudir ós rebeldes estudantes vigueses, poñendo por de contado istas colunas ó seu servicio e dándolles folgos para á loita. No noso idioma ou no castelán poden mandarnos canto queiran que se pubrique, e sexa publicable.

Quizáis nunca en Galicia, nosa patria, deuse un xesto tan dino, tan nobre, tan razoado, tan cheo d'espírito cidadán, pol-o que respeta á clas estudiantil, coma iste.

Os alumnos da Escola Industrial de Vigo deron e veñen dando un exemplo que deben imitare, nas moitas veces que se fai perciso, os seus compañeiros dos outros centros docentes da rexión.

Os admirabres alumnos vigueses non se decrararon en folga, por folgar no estudio, senon percisamente pra intensificare o seu estudio en senso europeo. ¡Benia a eles! A NOSA TERRA non esquencerá sua nobre acucia. ¡Adiante, rapaces exemplares!

FOLLAS NOVAS

UN LIBRO PATRIOTICO

O P. Atanasio López acaba de publicar a primeira serie d'unhos "Estudios crítico-históricos de Galicia".

Istes estudos forman tres conferencias. Todal-as tres notabres, pro n'especial a segunda, que se nomea "A Literatura medioeval". N'ela, con fortes argumentos, esnaquiza os xuízos d'algús críticos pra soster de maneira fixa que o gallego y-o portugués non se difrenciaron até o século XV.

Ista conferencia échenos d'entusiasmo, porque é firme cimento pra a recostitución do noso idioma, y-unha nova arma que poderemos esgrimire con éxito drento e fora da "Hirmandade da Fala".

A do P. Atanasio López é unha obra histórica, feita a conciencia, admirabre.

Falaremos d'ela, pois de longos xuízos gasalleiros é merecente, con mais vagar que oxe. Obras eisi fan moita falla, moita...

TRIBUNA LIBRE

SAUDABRES EXEMPROS

Fai pouco tempo, e ben pouco por nosa indiferenza, qu'un feixe d'homens de vontade de ferro axuntáronse, formando a santa e nobre "Hirmandade da Fala".

Non foi estrano que n'os comenzos da xuntanza, moitos de nos creésemos que teríamos unha coeitividá mais ou menos sentimental e sin ouxeto practico algún, pois n'esta terra nos tiñan afeitos a lér manifestos y-a ouvir pregoeiros d'ideias rexionaes, que axiña, da rexión non lles quedaba mais qu'o nome, chegando por seus traballos os directores da bulra, até a cobizada poltroá, qu'eisi entendían eses beneméretos o rexionalismo... acomodaticio.

Pol-as razóns ditas, estaba xustificada a desconfianza; cansos d'as incumpridas promesas dos paroleiros de rúa.

Oxe, xa é outra cousa. Feitos a milleiras temos pra xusgar a boa obra en aución.

Os hirmáns da Fala, que mais ben que da fala, debíamol-os chamar da alma, nos fixeron sentir os efeutos da sua loita coeitiva, sempre en noso porveito, amostrando con seus sacrificios até ónde poden chegar oso que teñen verdadeiras arelas de rexeneración; y-eisi é, que canto fixo e faga a "Hirmandade", merecente é de noso apoio e aprauso, pois dinos de gabanças son os que, coma iles, sin ambiciós a xefaturas, non erguen mais bandeira qu'a da conciencia rexional.

D'esta clas de persoas, fai tempo estábamos fallos, e si estes traballos fosen feitos c'o a fe d'oxe vinte anos atrás, sin dúvida algunha, non eistiría o encollemento que nos momificou, pois de sabido s'esquenece que pra conseguir unha onza d'as arroas que por xustiza son nosas, é perciso eisir de pe, c'o a testa moi erguida, e non pregar de xionllos com'até'oxe fixemos.

Eu, o derradeiro galego, sin mais méretos qu'a miña enxebreza sinxela, fago unha chamada a os qu'ollan con indiferenza esta santa causa, pra qu'inspirándose n'o saudabre exemplo da "Hirmandade da Fala", veñan noraboa a engrosar o feixe, e poidamos facer znacos o castelo n'o que s'achantan os gafosos enemigos do adianto de Galicia, úneca maneira de demostrarlles qu'a resinación galega finouse, e que xa semos homes consentes, pra facer respéitare nosos aldraxados dereitos.

Agora ben: é preciso que loitemos com'un sói home, pra adiantar o tempo perdido, e aínda qu'algúns de nosoutros non poidamos chegar a'o máximo do qu'arelamos, deixemos a'os nosos fillos ensinados, pra que sin maors dificultás consigan o resto.

Non hai que desmaiar pol-a resistencia que s'alcontre; total-as ideias grandes tiveron seu martiroloxio, e a nosa, si n'os tivera, deixaría de sere unha causa xusta.

Aporveitemol-o exemplo, aínda é hora, e axudemos a impedir qu'a xeadá da indiferenza perda esa samente escolleita que tan sazoado froito vai producindo.

XAN LABREGO

Ferrol, xaneiro 1917.

DON VALERIANO ZURITA

O comercio gallego tivo unha data moura e triste. A da morte do xerente da gran casa comercial, honra da nosa terra, "Fillos de Simeón García".

O Sr. Zurita levaba trinta anos no cárrago de referencia. Na Cruña era home fondamente estimado pol-o seu talento e pol-a sua bondade. Tiña gran creto en Galicia e aínda en todol-os centros comerciaes d'España.

Verdadeira "persoalidade representativa" na vida dos negocios da rexión, deixa un posto valdeiro que con moita dificultá poderáse encher.

O solene auto do seu enterro, concurriron delegados das sucursaes que a importante casa de Simeón García ten en Vigo, Vilagarcía, Ourense, Santiago e Betanzos.

Todal-as tendas da Cruña pecharon as suas portas en sinal de duelo.

O noso pésame á familia do Sr. Zurita, y-ós dinos compañeiros d'iste, Sres. Escudero (D. Alonso) e Moscoso.



NOVAS DA CAUSA

Os parlamentarios rexionalistas de Cataluña, farán unha xifa de propaganda a Bilbao nos primeiros días de febreiro.

Dinantes o señor Ventosa dará unha conferencia en Valencia, de xeito económico.

¿Cando virán a Galicia? Inda non o acordaron fixamente.

Xa anunciaremos, cando sexa comenente, a data fixa d'aquil importante viaxe.

Os nosos amigos de Vigo, n'especial Balbino Cruces, Xosé Xil e Xermán López Roca, tefen o pensamento de traballar canto poidan en favore da santa causa galleguista.

Coidan que a moderna urbe viguesa, pol-o seu xeito europeo, de moita semellanza espiritual con Barcelona e Bilbao, ten de dare o exemplo a outros pobos.

Cruces, Xil e López Roca—tres gallegos enxebres, dinos de gabanza, hirmáns nosos predileutos—qu'atoparán sen dúbida inmeiorabres conselleiros no cultísimo catalán Mirambell e no notabre poeta e xornalista Rodríguez Elías, cumprirán c'o seu deber.

Eles son dos bos, dos que teñen crara concencia do porvir d'ista Galicia magoadá y-aldraxada de cotio pol-o centralismo.

O 6 de xaneiro inaugurouse na Academia Gallega a serie de conferencias organizada pol-os "Amigos da Fala".

Estivo a primeira a cárrago de D. Antón Vilar Ponte, quen disertou sóbor do tema "Os nazionalismos ibéricos".

O conferenciante quixo rendirle un tributo d'agarimo e de admiración a Xaquín Fesqueira, un dos xóvenes gallegos de máis valimento que hai oxe na nosa terra. Xaquín Fesqueira áchase en Bos Aires y-é redactor do gran xornal "La Nación". Ali deu fai pouco unha notabre conferencia, gabando e glosando o folleto "Nacionalismo gallego" de que é autore o Sr. Vilar Ponte.

Por iso iste quixo dare a conecer ós "Amigos da Fala" da Cruña o pensamento de Fesqueira, que, n'Arxentina, traballa pol-a nosa causa.

O Sr. Vilar Ponte finou a sua conferencia espricando cal, ó seu xuicio, debe sere a táctica dos hirmáns da Fala.

A segunda conferencia—siguirán todol-os sábados—estivo a cárrago de J. Manoel Lugo Freire quen falou de cousas moi intrasantes da Hestoria gallega.

O Sr. Lugo Freire entusiasinou ós ouventes c'a sua palabra elocuente e c'os seus pensamentos fondos, cheos de cultura.

Pregámoslles ós "Amigos da Fala" que non deixen d'asistire a istas conferencias de xeito tan patriótico.

O señor Rey González (D. Xosé), inspirado poeta, axiña publicará un libro de versos gallegos que se nomeará "Latexos".

PENEIRANDO...

Finouse no seu Pazo do Monte, o deputado a Cortes pol-o Ferrol, D. Xaquín Moreno. Moreno era un home simpático, moi querido n'aquil pobo.

Pesi-a sua oientazón política centralista—incompatibre c'o noso pensamento—, Moreno, fixosenos grato cando tivo o xeito d'anunciare que ll'arroxaría a acta a Romanones, se bulrabá as xustas aspiracións do destrito ferrolán no preito do ferrocarril da costa.

Un belo xesto, toda unha vida honora.

Un gallego de Brión, D. Vicente Ramos, que fixo moitos cartos n'Arxentina, fundou unha Sociedade pra reconstruir o antigo balneario dos Anxeles.

Axiña escomenzarán os traballos.

Pofede n'un prato da balanza a iste bon gallego, e n'outro a un dos moitos deputados que por eiqui nos dona o centralismo, e dicide cál resulta de mais peso, de mais pesos e de maor utilidade.

O día vinte d'iste mes faráselle o homenaxe moitas veces anunciado a D. Marcelo Macías, o notabre orador que, aínda nado en Astorga, sinte mais a Galicia que moitísimos gallegos.

A NOSA TERRA adrese ó xusto agasallo organizado pol-os ourensanos cultos. Xa falaremos d'il. ¿Non que logo!

Un dos d'orden público, oyeu falar a dous transeuntes, con moita carraxe, de María... Pita.

E púxose "en guardia".

Repersentantes do comercio de texidos d'importanza de toda Galicia, xuntáronse na Cruña pra tomare acordos d'intrés favorecentes do seu xiro.

Iste é o bon camiño. Sen organización non hai progreso. Soilo os pobos que teñen verdadeiro senso organizador, son grandes e fortes.

Costituyeuse na Cruña un coro enxebre nomeado "Cántigas da terra", que se propón traballar pol-a divulgación da nosa música populare.

Preside a Xunta direitiva que rexirá a iste coro, o ispirado poeta e quírido amigo don Eladio Rodríguez González.

Conten co-a nosa axuda, sempre.

Os "Amigos da Fala" de Monforte—gallegos admirabres, dos que terían que tomar exemplo os da cidade de Lugo, úneca das catro capitaes da provincia da nosa patria, onde non se constituyeu aínda a "Hirmandade", pesi-a sere aquela a verdadeira Cincuenta de Galicia—siguen facendo conferencias en pro do noso idioma e da nosa causa.

O Sr. Piñeiro Pardo deu unha, que foi moi gabada, estudiando os fundamentos filosóficos e hestóricos do Rexionalismo. Dixo cousas de grande intrés, amostrando moita cultura. Chegue unha aperta nosa até o intelixente hirmán, cuio nome apuntamos no libro d'ouro da "Hirmandade".

Axiña dará outra conferencia, o xoven y-elocuente abogado D. Xosé Fernández Arias.

E logo, tamén, farán os queiridos correli-xionarios monfortinos unha festa d'arte rexional.

Adiante, compañeiros. Nos vos esquencemos xamáis.

O notabre mestre de música Xosé Baldomir—honra da nosa terra e da "Hirmandade da Fala"—axiña poñerá á venda un novo opúsculo de cancións gallegas, fermosas, cheas d'inspiración.

Son versos de Rosalía e de Cabanillas, levados ó pentagrama. Verdadeiras pequenas xoyas lírico-musicaes. Antre elas hai un "Hino celta" con letra do xenial autore de "Vento máreiro", que coidamos haberá de sere oración predileuta dos "Amigos da Fala".

O gran mestre Baldomir, que levou máis aló das fronteiras d'España nas aás da sua inspiración, nosa música e nosa poesía, é merecente da eterna gratitude de Galicia.

A "Reunión d'Estudios Gallegos", de Madrid, ten anunciadas tres novas conferencias no Ateneo.

Unha de Rodrigo Sanz, "Problemas do laboradorio gallego, creto agrícola e foros"; outra de Lois Porteiro, "O caciquismo no Porto do Son", e outra de Eloi Lois André, "A mancomunidade catalana e a Mancomunidade gallega".

¿Imos ou non pol-o bon camiño?

Cando se ollan en conxunto todos estes esforzos, sintese fe pra a loita.

O culto mestre d'escola de Padrón, señor Cernadas, publicou un artigo en "Estudios Gallegos".

Amostrase rexionalista e fala da patria chica. ¿Por Rosalía, Sr. Cernadas!

Iso de patria chica, verdadeiro aldraxe para a terra, xa non o din os gallegos consentes, e vosté eyo.

N'hai mais patria que unha: a natural; a que non pode cambiar nunca.

Outra cousa é o Estado que no curso da Hestoria pode trocarse... Olle o exemplo de Portugal.



Lo que gusta más á Bebe,
 lo que está esperando con impaciencia,
 es la
HARINA LACTEADA NESTLÉ
 el alimento preferido de los niños.



Compagnie Generale Transatlantique

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña
 Liña de Nova York

Liña da Habana e Veracruz

O día 23 de xaneiro sairá da Cruña pra
 Habana e Veracruz, o vapor

Ademite pasaxeiros de primeira (varias

categorias), segunda, preferencia e terceira
 clás e carga.

PRECIO EN TERCEIRA CLAS
 A Habana, 268,60 A Veracruz, 282,60
 Os emigrantes e todol-os equipaxes, son le-
 vados a bordo por conta da Compañía.

Liña de Francia á Nova York

Os vapores corrieos de moito andare d'esta
 liña, saen todol-os sábados de Burdeos, e fa-
 cilitanse billetes de primeira e segunda clás.
 NOTAS.—Quedan sin efecto total-as tarxetas
 de visita, pois non se deixa entrare á
 bordo.

BOLETO PRA SUSCRIBIRSE

D. _____

domiciliado en _____

suscríbese por _____

a A NOSA TERRA.

Firma do interesado: _____

(As suscricións de fora da Cruña teñen que se facer por trimes-
 tre, semestre ou ano.)

LIBREIRIA DE CARRÉ E ALDAO

Neste establecemento atópanse libros e
 revistas moi curiosos, antigos e modernos.
 Cambéanse e mércanse obras.

Rúa da Barreira, esquina a rua estreita
 de San Anudrés.

O SALÓN PARÍS

Neste elegante e moderno cine de moda
 na Cruña, véñse as milloras xoyas do arte
 cinematográfico.

O que o visita unha vez faise concurrente a
 cotío.

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDA MODELO

ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millós de pesetas d'aforro
 en 12 anos.

A súa representación na Cruña, ten as ofici-
 nas no número 45-2.º, da Rúa Real.

M. MIGUEL

Afinador e compoñedor de Pianos.

Avisos: Real, 48.—CRUNA.

VIÑOS BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina-
 "Rioxa Ollauri" especial pra familias
 botella sin casco 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

Hotel Continental.

CONTOS GALLEGOS

— DE —

Asieumedre

Pol-a cativa cantidá de dous reás podeades
 ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos ta-
 lleres da "Voz de Galicia" con xuícios e
 opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet
 Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por An-
 tón Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos fa-
 ránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.—CRU-
 NA. Os suscritores d'este boletín poderán
 adiquirilo á metade do prezo sinalado.